

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 7 de abril, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2017, do 17 de marzo.
- 2.- Toma de coñecemento das comunicacións recibidas doutras deputacións e concellos.

Asesoría Xurídica

- 3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, do 10.03.2017, recaída no recurso PA 296/2016, interposto pola Federación de Empresarios de Barbanza, sobre reintegro de subvención.
- 4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, recaída no recurso PA 227/2016, interposto por dona María de Ángeles Galván González, sobre a convocatoria de reunións da Comisión Educativa.
- 5.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, do 10.03.2017, recaída no PA 1/2017, interposto por Diego Veiga Fuentes, sobre sanción de tráfico do Concello de Brión.
- 6.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, do 09.03.2017, recaída no PA 307/2016, interposto por Quixada Gestión de Suelos, SL, sobre providencia de constrinximento-sanción de tráfico.
- 7.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a interposición de recurso contencioso administrativo contra a resolución do 15/12/2016, do Tribunal Económico Administrativo Municipal, do Concello da Coruña, contra dilixencia de embargo ditada polo Servizo Provincial de Recadación da Deputación Provincial da Coruña, en expediente administrativo de prema seguida contra o debedor don Rubén Edgar Moinelo Iglesias.
- 8.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento do Decreto do Xulgado de Primeira Instancia nº 11 dos da Coruña, do 09.03.2017, recaído no monitorio nº 1178/2016, seguido a instancia da Comunidade de Propietarios rúa Pintor Seijo Rubio 4-12 e rúa Rollo 27 de Betanzos, sobre reclamación de cantidade.
- 9.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento do auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, do 09.03.2017, recaído no recurso PA 315/2016, interposto por Inmobiliaria Pseolar, SL, sobre taxa de recollida de residuos.

10.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 33/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, interposto por Construcciones Navila, SL, contra o Consorcio As Mariñas, sobre responsabilidade patrimonial.

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

11.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar as bases específicas do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o financiamento de proxectos de actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento en 2017.

12.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar as bases específicas do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o financiamento de proxectos de investimento no ámbito da axuda ao desenvolvemento no ano 2017.

ROGOS E PREGUNTAS